A Xunta de Galicia ten previsto ao longo do presente ano 2011 efectuar unha definición dos contidos para a Cidade da Cultura de Galicia, que se prevé definitiva. Desde o Grupo Parlamentario Socialista queremos contribuír a perfilar mellor esa definición, sen perder de vista a necesidade de engarzar o particular e o global; de dirixir a oferta a un público necesariamente europeo desde unha raíz galega; de buscar un oco na oferta cultural española neste ámbito con proxectos de ambición.

Unha proposición feita con modestia porque intenta colocarse nas liñas tracexadas polos responsables políticos en relación con este tema. En concreto, tense en conta

- A existencia dun proxecto de Museo da Historia de Galicia, que debe ser reinterpretado para dotalo dunha dimensión máis universalista e menos provinciana (de decimonónica).

- A intención de que a Cidade da Cultura de Galicia sexa unha ponte entre España e Iberoamérica.

Modesta proposición porque se queda no mero esbozo de ideas sen querer, por ser tarefa de especialistas, definir con premiosidade un proxecto museístico. Modesta proposición porque só serviría para dotar de contido (e unha certa integración) a dous dos contedores que compoñen o complexo.

En primeiro lugar propoñemos un Centro sobre as Migracións Contemporáneas (Migra)

Se algún fenómeno da historia contemporánea ten un impacto singular en Galicia é o das migracións. Galicia ten sido un país de emigración desde mediados do século XIX, compartindo ese destino con



Grupo Parlamentario

moitos países europeos (Irlanda, Italia, Polonia, Grecia,...) e singularizándose dentro das rexións españolas pola intensidade e a persistencia dos fluxos de saída. Aínda na actualidade a emigración está na memoria colectiva e na memoria individual de cada familia galega. Trátase, polo tanto, dun ámbito do máximo interese local, con derivacións universais, que permite percorrer o noso devir contemporáneo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ao tempo, é un tema da máxima actualidade española e global, cunha fonda presenza en todos os continentes. Moitos dos visitantes a Compostela poden sentirse interpelados nas súas vivencias por este fenómeno. O Goberno español e institucións internacionais, desde a unión europea a organismos globais, teñen esta materia como unha fonda preocupación.

Existen Museos da inmigración –sendo o máis coñecido o que está situado en Ellis Island, nas proximidades de Nova Iorque; hai tamén unha iniciativa arxentina en vías de construción no Hotel de Inmigrantes de Bós Aires, e outra similar en São Paulo, algunha cousa en Australia- pero carecemos dun centro no noso entorno cultural, que teña ademais unha vocación universal e unha orientación non puramente museística. Só destacar o centro de Colombres (Asturias), da Fundación de Indianos, un Museo en Bremerhaven (Alemania), do ano 2005, algún exemplo menor en Noruega e Dinamarca. Cubrimos en todo caso un vacío notable.

Coa nosa proposta evitaríase unha perspectiva puramente museística, de xeito que a carón dunha mostra permanente (obxectos, documentos, fotografías, etc.), cun vector galego nun contexto máis amplo, existirían actividades diversas, de investigación, de difusión por medio de exposicións temporais, con encontros, cursos, e outras múltiples actividades.

Dirixíndose a un público potencial de grande profundidade, con enganche local e abertura universal, con capacidade de renovación permanente, con posibilidade de patrocinios diversos, combinando memoria e atención a un dos grandes dramas do presente...

En segundo lugar propomos un **CENTRO-AMÉRICA**, dedicado ás relacións entre os pobos americanos e nós, os europeos.

 Grupo Parlamentario

Nas relacións entre sociedades humanas de diferentes continentes aos españois (e polo tanto aos galegos) ocúpannos en maior medida as que teñen afectado ás sociedades americanas e ás europeas nos últimos 500 anos. Esta perspectiva conéctanos con algúns fenómenos da máxima actualidade contemporánea: o diálogo de civilizacións, a multiculturalidade e a mestizaxe ou o tratamento das minorías culturais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As relacións de España co que se dou en chamar Iberoamérica, tan definitorias da nosa historia, carecen dun referente unitario no panorama museístico español. Sen dúbida nos grandes museos (Prado, del Ejército, etc.) existen pezas que amosan esa relación, así como múltiples pequenos museos específicos. Pero unha empresa da envergadura, transcendencia e duración como a do imperio español en América merece un tratamento diferente: unitario, poderoso, permanente.

Tampouco unha iniciativa como a da Casa América é comparable, por centrarse na actualidade e na visión de América desde España, por máis que algúns dos seus factores definitorios poidan ser replicados no proxecto que se esboza.

Galicia, xa se ten dito, ten algunhas características especiais que a fan especialmente propicia para albergar un centro deste tipo: as migracións a toda latinoamérica; a dupla condición lingüística, que nos aproxima a Brasil sen afastarnos de hispanoamérica.

Trátase de *museizar* as relacións en dúas direccións: que lle aportamos a América, en positivo e negativo, e que nos aportou América a nós, en positivo e negativo, evitando a tentación eurocéntrica e a ollada nacionalista. Unha visión en termos de sociedades ou civilizacións, organizada en torno a grandes temas (Os poboadores.. O mundo natural. Os alimentos e a gastronomía. As exploracións. Os idiomas. As literaturas. A música. Os modelos urbanos. As influencias artísticas. As arquitecturas. As relixións. Os exércitos. O deporte, etc.)

Temos a posibilidade de utilizar este contedor cultural como unha panca nas nosas relacións co continente americano, con, por exemplo, a presenza anual de un país, con mostras e exposicións ao longo de todo o ano; como centro de investigación, de dinamización cultural, de atracción dunha crecente inmigración americana en Europa,....



Grupo Parlamentario

Polo tanto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incluír na definición dos contidos da Cidade da Cultura un centro sobre as Migracións Contemporáneas, que teña como un elemento sobranceiro os fluxos migratorios galegos, e un Centro sobre as Relacións entre España e América, cunha especial atención ás que afectan a Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
María Concepción Burgo López
Guillermo Meijón Couselo
Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2011 11:57:56

María Concepción Burgo López na data 03/05/2011 11:58:19

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 03/05/2011 11:58:22

Francisco Xulio Cerviño González na data 03/05/2011 11:58:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/05/2011 11:58:30

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Pablo Xabier López Vidal, José Tomé Roca e Carmen Acuña do Campo** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O acceso centro da Meseta a Galicia está previsto que se execute para comunicar as cidades de Ponferrada e Ourense, vertebrando ao mesmo tempo a comarca de Valdeorras, Monforte e Chantada. Un proxecto incorporado por un Goberno socialista ao Plan de Infraestruturas e Transporte e que está chamado a ser un dos principais vieiros de articulación territorial das provincias de Lugo e Ourense, da Galicia interior.

Unha actuación pensada e programada por quen hoxe exerce as responsabilidades de Ministro de Fomento e que se encontra, logo dun complicado percorrido, atascada por mor da existencia dun informe desfavorable emitido pola Xunta de Galicia a unha parte do trazado previsto.

Nunha recente comparecencia no Senado, ratificouse o compromiso de impulsar os proxectos que supoñen unha mellor vertebración do interior de Galicia e dunha nova comunicación coa zona do Bierzo. Manifestouse que o obxectivo é acelerar ao máximo a aprobación da Declaración de Impacto Ambiental (D.I.A) pendente. Isto é imposible diante da oposición dos actuais responsables políticos da Xunta de Galicia que cun informe negativo manteñen paralizado o avance de execución do proxecto.

Logo da emisión do informe en contra da Xunta de Galicia ao paso desta infraestrutura de comunicación pola Serra de Lastra na comarca de Valdeorras, o Ministerio de Fomento remitiulle fai máis de seis meses, varias solucións alternativas para poder desbloquear o problema, que a día de hoxe non foron contestadas nin atendidas.



Grupo Parlamentario

Diante da falla do informe favorable da autoridade ambiental da Xunta de Galicia non é posible formular a Declaración de Impacto Ambiental nin licitar os pertinentes proxectos construtivos para poder realizar a obra. Segundo a normativa vixente, a DIA é a que precisa a validez dos trazados e a división ou non dos mesmos. Si a Xunta de Galicia non fai os seus escasos deberes, esta actuación non deixará de estar paralizada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ninguén no noso país pode discutir a necesidade desta actuación e as melloras que vai a reportar tanto para a mobilidade das persoas como das mercadorías, así como para a seguridade viaria. Cando nun futuro inmediato estea rematada o valor engadido que vai a distribuír nas terras polas que pasa será transcendental para a mellora da competitividade e do crecemento económico de Valdeorras, Monforte, Chantada e Ourense.

Resulta inconcibible que a Xunta de Galicia teña empantanado un proxecto desta envergadura e que non se saiban valorar os beneficios desta actuación durante a súa construción e o remate da mesma, nun momento de especiais dificultades económicas que estamos a padecer.

Diante desta situación insostible de ausencia de colaboración co Ministerio de Fomento por parte da Xunta de Galicia, para poder liberar esta necesaria actuación comunicacional, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desbloquear de inmediato o informe que mantén paralizada a Declaración de Impacto Ambiental do estudo informativo para a execución da autovía A-76 (Ponferrada – Ourense) que vai a ser o grande eixo vertebrador do interior de Galicia coa Meseta.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

José Tomé Roca


Carmen Acuña do Campo

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 03/05/2011 16:55:34

José Tomé Roca na data 03/05/2011 16:55:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María del Carmen Acuña do Campo na data 03/05/2011 16:55:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/05/2011 16:55:52



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Teresa Táboas Veleiro** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O día 13 de Abril de 2011 nunha interpelación do BNG ao Ministro de Fomento no Congreso dos Deputados, este asegurou que un dos piares básicos para o aforro enerxético é o transporte por ferrocarril, cuestión esta que o Bloque Nacionalista Galego comparte plenamente, pero materia na que Galiza presenta graves déficits xa non só na alta velocidade, senón nun moderno e eficaz servizo de cercanías.

É preciso porén un transporte de cercanías, xa que hai que pular por outro modelo de mobilidade, que sexa capaz de redefinir a dinámica socioeconómica.

Na resposta a esta interpelación, o Ministro de Fomento propuxo a transferencia dos trens interrexionais co fin de que sexa o Goberno da Xunta de Galiza o que xestione este servizo de proximidade na mesma liña que ven defendendo o BNG que é a de crear un ente ferroviario galego e planificar un servizo de proximidade que lle permite aos galegos e galegas optar por un medio de transporte público que lle permita aforrar nun momento de crise, ao mesmo tempo que se evitan emisións de CO₂.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Velaí a urxencia de solicitar esta transferencia, razón pola cal os/as nacionalistas galegos presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta a solicitar do Goberno estatal a transferencia dos trens inter-rexionais nos mesmos termos que se fixo con Cataluña.

Santiago de Compostela, 3 de Maio de 2011

Asdo. Teresa Táboas Veleiro

Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Teresa Táboas Veleiro na data 03/05/2011 17:16:14

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/05/2011 17:18:20



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Teresa Táboas Veleiro** e do deputado **Alfredo Suarez Canal** presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, en relación á necesidade de crear instrumentos que permitan a internacionalización das pequenas e medianas empresas galegas, e ao abeiro do Regulamento da Cámara

O entorno económico e financeiro no que vivimos actualmente, obriga as empresas galegas a apostar pola apertura de novos mercados no exterior, de aí que ademais do apoio na formación, ou no financiamento que debe ter o apoio do goberno da Xunta de Galiza, por certo, mínima ata o de agora. Galiza neste sentido conta con dous feitos diferenciais con relación ao resto do estado na aposta por abrir portas alén das nosas fronteiras. Por unha banda a nosa lingua que nos permite comunicarnos co mundo lusófono entre os que se atopa a quinta economía mundial; Brasil, unha economía dinámica cun amplo potencial para as pemes galegas, pero o Partido Popular non é consciente deste importante elemento de comunicación que é o noso idioma. E por outra a ampla rede a escala global que ten o noso país a través dos milleiros de galegos e galegas espallados polo mundo, unha realidade moi relevante no panorama do comercio internacional que ten que ser tida en conta.

De aí que nos procesos de internacionalización das empresas galegas no que se plantexan grandes retos na xestión dos recursos humanos, os galegos temos unha grande vantaxe fronte a outros países, non tanto para as grandes empresas que xa levan anos cunha ampla presenza internacional, senón sobre de todo para as pequenas e medianas. O único antecedente no noso país foi aquel proxecto chamado Fegaex que tentou poñer en marcha o Partido Popular, que non serviu para a creación de dita rede, agás algunhas viaxes co fin de buscar votos na emigración. Porén o Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa, consciente da importancia desta xestión de recursos humanos a nivel internacional na procura de tecer unha grande rede que permita a interconexión



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entre empresarios galegos en todo o mundo, no referido entre outras as cuestións de coñecemento do país no que se pretenden implantar, polo que a converte nunha clara vantaxe competitiva, para os nacionalistas galegos esta realidade podería axudar a mellorar a situación empresarial na Galiza, por iso o BNG presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno

O Parlamento insta a Xunta de Galiza á presentación no ano en curso, dun plan para a creación dunha rede a escala global de empresarios galegos no exterior, co fin de impulsar a través desta, sinerxias que sirvan na internacionalización das pequenas e medianas empresas galegas, co fin de que este en pleno funcionamento no primeiro semestre do ano 2012.

Santiago de Compostela, 4 de Maio de 2011

Asdo. **Teresa Táboas Veleiro**

Alfredo Suárez Canal

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Teresa Táboas Veleiro na data 04/05/2011 11:14:03

Alfredo Suárez Canal na data 04/05/2011 11:14:08

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/05/2011 11:14:10



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Teresa Táboas Veleiro** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O día 13 de Abril de 2011 nunha interpelación do BNG ao Ministro de Fomento no Congreso dos Deputados, este asegurou que un dos piares básicos para o aforro enerxético é o transporte por ferrocarril, cuestión esta que o Bloque Nacionalista Galego comparte plenamente, pero materia na que Galiza presenta graves déficits xa non só na alta velocidade, senón nun moderno e eficaz servizo de cercanías.

É preciso porén un transporte de cercanías, xa que hai que pular por outro modelo de mobilidade, que sexa capaz de redefinir a dinámica socioeconómica.

Na resposta a esta interpelación, o Ministro de Fomento propuxo a transferencia dos trens interrexionais co fin de que sexa o Goberno da Xunta de Galiza o que xestione este servizo de proximidade na mesma liña que ven defendendo o BNG que é a de crear un ente ferroviario galego e planificar un servizo de proximidade que lle permite aos galegos e galegas optar por un medio de transporte público que lle permita aforrar nun momento de crise, ao mesmo tempo que se evitan emisións de CO₂.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Velaí a urxencia de solicitar esta transferencia, razón pola cal os/as nacionalistas galegos presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta a solicitar do Goberno estatal a transferencia dos trens inter-rexionais nos mesmos termos que se fixo con Cataluña.

Santiago de Compostela, 3 de Maio de 2011

Asdo. Teresa Táboas Veleiro

Deputada do G.P. do BNG


Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Teresa Táboas Veleiro na data 03/05/2011 17:16:14

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/05/2011 17:18:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

As comunidades educativas cando pretenden axustar a xornada escolar en función das características e peculiaridades de cada centro educativo, ven ás veces como a posible decisión resulta condicionada polo transporte escolar do centro en cuestión.

O servizo complementario de transporte escolar e, concretamente, os seus horarios e características do servizo, impiden en ocasións que decisións e votacións maioritarias da comunidade educativa respecto da xornada escolar poidan ser levadas á práctica porque, sobre elas, prevalecen as decisións do servizo de transporte escolar.

Por outro lado, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten anunciado distintas negociacións co Transporte Escolar que non ten contemplado melloras cualitativas deste servizo. Non imos entrar nesta xustificación de motivos acerca das circunstancias destas negociacións, cuestión sobre a que xa no seu día formulamos a nosa postura, en todo caso si remarcar que anunciaban unicamente avances de tipo económico e, en ningún caso, doutro tipo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en práctica un Plan de Optimización do Servizo de Transporte Escolar nos centros educativos públicos que ademais incorpore unha planificación de rutas que impida que os horarios dos centros que pretenden as comunidades educativas resulten condicionados por este servizo.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo

Concepción Burgo López


Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez



 Grupo Parlamentario
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:26:26

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:26:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:26:44

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:26:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:26:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten establecido diferentes programas educativos, nomeadamente o Proxecto ABALAR e o de Centros Plurilingües onde resulta destacable a discriminación dos centros públicos resultante do procedemento empregado na selección de centros educativos.

Nomeadamente nas grandes vilas galegas, pódese observar como as porcentaxes de centro privados seleccionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en modo algún se corresponden coa proporción de centros na actual rede de centros sostidos con fondos públicos. Cuestión que se agrava cando consideramos que a ensinanza concertada vese favorecida nomeadamente na Ensinanza Primaria, de tal forma que as nais e pais que pretenden matricular por primeira vez aos seus fillos e fillas nun centro público integrado en tales programas vense notablemente prexudicados e condicionados a cambiar cara á rede concertada.

Consideramos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que é preciso aplicar procedementos correctores que equilibren tal situación de tal forma que, cando menos, a rede pública en cada territorio (provincia, comarca, concello,...) resulte representada nos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na porcentaxe que lle corresponde nas distintas etapas educativas.



Grupo Parlamentario

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer, na selección de centros correspondentes aos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, procedementos que aseguren a non discriminación dos centros públicos, tanto a nivel territorial (comarcas, concellos, ...) como de etapa educativa e estean, cando menos, representados nas porcentaxes que lles corresponde nos distintos ámbitos territoriais e de etapa educativa.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:39:11

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:39:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:39:21

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:39:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:39:31



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín Mª Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A situación socioeconómica pola que está a atravesar o noso país entendemos que pode e debe ser interpretada en clave de oportunidade tamén dende o punto de vista educativo.

Os datos do incremento da matrícula, nomeadamente en Formación Profesional, teñen unha parte importante da súa explicación na dificultade que observan os nosos mozos e mozas en atopar un posto de traballo ao remate da escolaridade obrigatoria.

Ao mesmo tempo, tamén se está a detectar unha tendencia dunha parte da mocidade que abandonou recentemente nos estudos e que agora está en situación de desemprego de tratar de retomar os mesmos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que resulta de grande interese para a formación de capital humano no noso país favorecer o regreso aos estudos por parte da mocidade que no seu día abandonou os mesmos ao remate da escolaridade obrigatoria.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:


O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar ante esa Cámara Plans Específicos de Becas para desempregados que decidan iniciar estudos regrados e para propiciar o retorno ao sistema educativo dos menores de 25 anos en situación de desemprego.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:46:34

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:46:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:46:47

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:46:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:46:57



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

Conseguir que a nosa mocidade continúe cos seus estudos ao remate da ensinanza obrigatoria é, sen dúbida, un dos máximos retos que ten o noso sistema educativo. Un obxectivo ao que non podemos renunciar para así achegarnos ás cifras medias dos países do noso entorno e cumprir co compromiso asumido na Estratexia de Lisboa.

No camiño de acadar ese obxectivo, o incremento da matrícula en Formación Profesional constitúe un factor principal que é preciso contemplar dende a administración educativa con rigor e ambición.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que resulta preciso implementar un conxunto de medidas favorecedoras do desexado incremento de matrícula en Formación Profesional. Neste caso, queremos traer a esta Cámara unha iniciativa que contribúa a este fin abordando a problemática dos mozos e mozas que contén coa necesidade de desprazarse diariamente ao lugar de estudos ou mesmo que se vexan na obriga de residir no concello onde se sitúe o centro formativo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:


O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar un Programa específico de Vivenda en Aluguer e de Bolsas ou Axudas para estudantes de Formación Profesional en función dos desprazamentos ao centro onde cursen os seus estudos.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:53:10

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:53:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:53:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:53:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 12:53:33



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo**, **Concepción Burgo López**, **Xoaquín M^a Fernández Leiceaga** e **Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A situación socioeconómica pola que está a atravesar o noso país entendemos que debe provocar por parte do actual Goberno da Xunta de Galicia unha resposta proactiva cara os sectores da sociedade máis desfavorecidas.

Dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria consideramos que se debe asegurar en todo momento que a nosa taxa de abandono escolar non se incremente por sectores da nosa mocidade que se atope coa imposibilidade real de continuar cos seus estudos por atoparse os seus proxenitores en situación de desemprego.

Xa que logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Consellería de Educación debe articular os mecanismos necesarios para que tal situación non se produza.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear un Programa Específico de Subvencións ou Bolsas que garantan que ningún mozo ou moza con proxenitores desempregados deba abandonar os seus estudos.


Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 13:01:59


Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 13:02:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 13:02:11

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 13:02:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2011 13:02:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2011 13:16
Nº Rexistro: 64732
Data envío: 05/05/2011 13:16:04.943

Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao financiamento do Plano Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plano Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais, creado en 1988, ten por finalidade a colaboración entre o Estado e as Comunidades Autónomas para o financiamento dos servizos sociais municipais.

Entre 2005 e 2009 a cuantía destinada pola Xunta de Galiza ao Plano Concertado incrementouse de xeito substancial en máis dun 150%. Porén, e desde a chegada do PP á Xunta, o financiamento autonómico do Plano Concertado foi, primeiro, obxecto dunha substancial redución nos orzamentos para 2010 –pasando de 20 a 16 M€- para ser despois, en 2011, conxelado nesa cantidade.

Nesta liña de recortes, o pasado 29 de marzo o DOG publicou a Orde reguladora das bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para o cofinanciamento dos servizos sociais municipais. Esta Orde establece, literalmente, que “non se financiarán novas altas no Servizo de Axuda no Fogar que se presta a persoas non recoñecidas como dependentes”. E non só iso: a conxelación da achega da Xunta ao Plano Concertado impedirá tamén estender o SAF tamén aos dependentes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2011 13:16
Nº Rexistro: 64732
Data envío: 05/05/2011 13:16:04.943

Os Concellos están así comprobando como, nos últimos meses, a Consellaría vén denegando novas altas no SAF a persoas dependentes con PIA recoñecido no que se lles asigna este servizo. Quizais porque a atención aos dependentes e a axuda no fogar é un deses servizos complementares que, segundo ten manifestado o Presidente da Xunta, poden ser recortados.

Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta ao Goberno a incrementar o financiamento do Plano Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de competencia municipal co fin de asegurar a plena cobertura das demandas de acceso ao Servizo de Axuda no Fogar e aos demais servizos sociais básicos.

Santiago de Compostela, a 5 de maio de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 05/05/2011 13:12:56



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro dos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno do Excmo. Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, para dar conta do caso dun empregado público da Deputación Provincial de Ourense que exerceu durante meses como axente electoral para o Partido Popular de Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 06/05/2011 13:22:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/05/2011 13:25:00

María José Caride Estévez na data 06/05/2011 13:25:02

Jose Luis Méndez Romeu na data 06/05/2011 13:25:18

María Concepción Burgo López na data 06/05/2011 13:25:25

Beatriz Sestayo Doce na data 06/05/2011 13:25:31


Carmen Gallego Calvar na data 06/05/2011 13:25:35

María del Carmen Acuña do Campo na data 06/05/2011 13:25:40

Ricardo Varela Sánchez na data 06/05/2011 13:25:45

Francisco Xulio Cerviño González na data 06/05/2011 13:25:50



 Grupo Parlamentario

María del Mar Barcón Sánchez na data 06/05/2011 13:25:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2011 13:26:05

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/05/2011 13:26:12

María del Carmen Cajide Hervés na data 06/05/2011 13:26:20

José Manuel Gallego Lomba na data 06/05/2011 13:26:31

José Manuel Lage Tuñas na data 06/05/2011 13:26:38

Silvia Belen Fraga Santos na data 06/05/2011 13:26:43

Pablo Xabier López Vidal na data 06/05/2011 13:26:48

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 06/05/2011 13:26:52

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 06/05/2011 13:26:57

María Soledad Soneira Tajés na data 06/05/2011 13:27:00

Modesto Pose Mesura na data 06/05/2011 13:27:06

Ismael Rego González na data 06/05/2011 13:27:09

Sonia Verdes Gil na data 06/05/2011 13:27:11

José Tomé Roca na data 06/05/2011 13:27:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal e Abel Losada Alvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xa atravesamos o ecuador da lexislatura sen pena nin gloria. Chegou o momento de examinar o desenvolvemento do actuado por este Goberno que aínda non empezou a coller as rendas da xestión pública. Un Goberno que está a demostrar día a día que aínda non tomou posesión efectiva.

Un Goberno que foi incapaz en dous anos de ter debidamente aprobado o instrumento de planificación e programación das infraestruturas vertebradoras do noso país.

Un Goberno que minorou a contratación de obra pública no referido as infraestruturas de comunicación e a mobilidade, ate cifras que están devindo en alarmantes.

Chegou o tempo de saber e concretar como se están a executar as vías de alta capacidade do noso país que quedaron previstas da anterior lexislatura. Os tempos son chegados para coñecer o ritmo dos traballos nas grandes vías de comunicación que tanto precisa o noso país para poder competir mellor neste mercado global.

E por elo que os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. En que estado de execución se encontran as obras das seguintes vías de alta capacidade?

Vías de Alta Capacidade:

- Vía de Alta Capacidade da Costa Norte: Ferrol – San Cibrao.
- Vía de Alta Capacidade do Baixo Miño: Tui – Tomiño – A Guarda.
- Autovía Pontevedra – Vilagarcía: treito Curro– Baión.
- Vía Ártabra: Porto de Lorbé – Autovía A-6.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Desdobramento Nadelá – Sarria.
 - Corredor Sarria – Monforte.
 - VAC Ourense – Celanova.
 - Autovía da Costa da Morte: Carballo – Berdoais.
 - Autovía Ramallosa – A Estrada.
 - Corredor Brión – Noia.
 - Desdobramento Sanxenxo – A Lanzada.
 - Desdobramento do corredor do Morrazo.
 - Vía de Alta Capacidade a PLISAN: Salvaterra do Miño.
2. Cal é o cronograma que manexa a Xunta de Galicia de cara a execución das grandes vías de comunicación do noso país ate o final da presente lexislatura?
 3. Como incide a deficiente execución orzamentaria na paralización na construción dos viais estruturantes que preciso Galicia para o seu desenvolvemento?
 4. En que medida está a contribuír o Goberno de Galicia a creación de emprego mediante a construción das grandes vías de comunicación do noso país?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2011


Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


Pablo Xabier López Vidal na data 29/04/2011 10:14:52



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/04/2011 10:15:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Guillermo Meijón Couselo e Francisco Cerviño González, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

As bibliotecas públicas son axentes culturais de primeira importancia que garanten o acceso igualitario e democrático á cultura. Hoxe en día desempeñan un papel fundamental na acción e difusión dos hábitos da lectura, na utilización democrática das novas tecnoloxías, na transferencia de coñecementos, na conservación e transmisión do noso patrimonio cultural ademais de ser centros de ocio. Son polo tanto, centros fundamentais de dinamización cultural onde se ofrece formación, información e ocio.

Por todo isto, as bibliotecas públicas tiñan que estar no centro da política cultural do Goberno, pero nada mais lonxe da realidade porque a Consellería de Cultura as ten abandonadas, situación que o Grupo Parlamentario Socialista vén denunciando durante toda este lexislatura, así como os importantes recortes orzamentarios que se deron nos anos 2010 e 2011 – preto do 54%- no programa de Bibliotecas, Arquivos, Museos e Equipamentos culturais, moi por encima do descenso producido no conxunto dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Un abandono que contrasta ca creación da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, que segundo o conselleiro mostraba a importancia que o Goberno do Sr. Feijoo daba a este sector pero que, agora se comproba, era unha mera campaña de propaganda.

É lóxico, dada esta situación, que en datas recentes a asociación ANABAD-Galicia denunciase, a través dun comunicado, a preocupación dos profesionais polo presente e futuro das bibliotecas públicas. Como se afirma neste comunicado, este ano 2011 non se realizou a convocatoria de axudas para a adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas, co

 Grupo Parlamentario

agravante de que este é un programa cofinanciado co Ministerio de Cultura e que nos orzamentos da Consellería está reflectida unha partida de 1.500.000 de euros aportada polo dito Ministerio.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais, este ano tamén desaparece practicamente o programa Letras Vivas que demostrou ser un elemento fundamental para o fomento da lectura. Nos anos anteriores, a programación de Letras Vivas nas bibliotecas públicas comezaba no mes de marzo prolongándose durante todo o ano, e se beneficiaban del a maior parte das bibliotecas. En cambio este ano 2011, despois de facerse unha convocatoria cas mesmas condicións que en anos anteriores, no mes de abril, cando todas as bibliotecas fixeran xa a súa programación anual que é perceptivo enviar a Consellería para acceder as axudas, a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos anunciou que se recortaba o presuposto, de tal maneira que só poderían recibir unha axuda un 86% máis baixa que á do ano pasado, tendo presupostado para estas actividades para todas as bibliotecas públicas e durante todo o ano 50.000€, e por riba as actividades só se poden facer nos meses de abril e maio, polo que a maior parte das bibliotecas xa non se podían acoller ás axudas. Así, este programa, que tantos beneficios aportou os lectores e aos creadores e animadores culturais, queda totalmente anulado.

E aínda hai que engadir, tal como denuncia ANABAD-Galicia, a desaparición do programa de formación para os traballadores e traballadoras das bibliotecas públicas inscritas na rede galega.

Todo isto é consecuencia dunha política errada que non quere ver a importancia da cultura e das bibliotecas públicas, e que tampouco atende ao necesario fomento da lectura e a elevación dos índices galegos que seguen por debaixo da media española a pesar das promesas feitas polo conselleiro no ano 2010 co gallo do “Ano do Libro e a Lectura”.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes presentan a seguinte interpelación:

1.^a) A canto ascenden realmente as cantidades destinadas no ano 2011 ás bibliotecas públicas?



Grupo Parlamentario

2.^a) Cal é o desglose de conceptos?

3.^a) Vaise a eliminar o programa de axudas á adquisición de fondos bibliográficos cofinanciado polo Ministerio de Cultura?

4.^a) Que cantidades reais se van destinar no ano 2011 para o programa Letras Vivas?

5.^a) Por que a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos cambiou as normas sen previo aviso para a realización do programa Letras Vivas e obriga ás bibliotecas a realizar as actividades nos meses de abril e maio?

6.^a) Por que se restrinxen máis do 80% o presuposto destinado a este programa de animación á lectura?

7.^a) Por que se eliminou o programa de formación dos traballadores e traballadoras das bibliotecas?


8.^a) Considera que os recortes producidos permiten que as bibliotecas públicas presten un servizo de calidade?

9.^a) Cal é realmente a política que quere seguir a Consellería de Cultura e Turismo en relación ao libro e á lectura?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Guillermo Meijón Couselo
Francisco Cerviño González
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 28/04/2011 12:44:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2011 12:44:24

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 28/04/2011 12:44:29

Francisco Xulio Cerviño González na data 28/04/2011 12:44:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Seguro Colectivo de Accidentes no Mar cubría aos tripulantes galegos de calquera embarcación pesqueira, debidamente enrolados e con independencia do seu abandeiramento, así como os mariñeiros non galegos que cotizan no Réxime Especial do Mar da Seguridade Social, incluídos no TC2 dun buque pesqueiro con porto base en Galicia. Ademais, o seguro comprendía os mariscadores, con autorización da Consellaría de Pesca, no desempeño lícito da súa actividade; traballadores de viveiros flotantes radicados na nosa Comunidade Autónoma; e persoal da Cruz Vermella de Galicia cando actuasen en tarefas de rescate e salvamento no mar nas nosas augas.

A Xunta de Galicia, nunha decisión carente de toda lóxica e dos máis mínimos principios de solidariedade para con un dos colectivos que, potencialmente, desempeña unha das profesións de máis alto nivel de risco, decidiu anulalo en aras a unha mal entendida austeridade. O argumento foi que, dada a obrigatoriedade de subscribir unha póliza de responsabilidade civil por parte dos armadores con porto base en Galicia, as tripulacións xa estaban cubertas diante de posibles accidentes. Incluso se chegou a afirmar que unha parte dunha póliza concreta, sería subvencionada pola Consellería do Mar.

Esquecíase a Xunta de Galicia que non todas as persoas que traballan no mar están enroladas en embarcacións con porto base en Galicia, ou que, incluso, algunhas delas nin sequera necesitan estar enroladas en ningunha embarcación para desempeñar o seu traballo no mar. E, sobre todo, a Xunta de Galicia esqueceuse dun colectivo importante de galegos que están enroladas en barcos abandeirados noutros países, que non están suxeitos á lexislación española nin galega.

Pasaron meses daquela decisión irresponsable e o colectivo segue sen dispor de ningún tipo de seguro que supla as coberturas daquel. Polo camiño temos asistido a varios accidentes que, sen esta cobertura, quedaron aboiados o puro azar.

As deputadas e os deputados que asinan, diante desta situación, interpelean á Sra. conselleira do Mar nos seguintes termos:



 Grupo Parlamentario

1.^a) É consciente a Sra. conselleira que, ao suprimir este seguro, deixou sen cobertura a todos os mariñeiros galegos enrolados en barcos abandeirados en terceiros países?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.^a) É consciente a Sra. conselleira que hoxe hai varios milleiros de homes e mulleres, traballadores do mar, que non teñen ningún tipo de seguro que lles cubra un posible accidente no exercicio da súa actividade?

3.^a) Cando ten previsto a Consellaría do Mar publicar a Orde de subvención do seguro obrigatorio de responsabilidade civil?

4.^a) Que vai facer a Consellaría do Mar para que os armadores complementen esa póliza con cláusulas que aseguren, individualmente, a todos e cada un dos tripulantes enrolados en buques con porto base en Galicia?

5.^a) Que vai facer a conselleira do Mar para asegurar os posibles accidentes dos galegos enrolados en buques de terceiros países?

6.^a) Que vai facer a Consellaría do Mar para asegurar os posibles accidentes dos homes e mulleres que, exercendo a actividade marisqueira a pé, non necesitan estar enrolados en ningún buque?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 29/04/2011 11:38:19

María José Caride Estévez na data 29/04/2011 11:38:23

José Manuel Gallego Lomba na data 29/04/2011 11:38:34

Francisco Xulio Cerviño González na data 29/04/2011 11:38:38

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal e Marisol Soneira Tajés, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O “culebrón” que está a supoñer a construción da Autovía da Costa da Morte dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia non ten parangón nos anais da nosa historia recente no referido a contratación de obra pública.

Despois dunha perfecta adxudicación realizada no mes de maio de 2008 polo Goberno Socialista, chegou a rescisión do contrato realizado polo novo goberno Popular no mes de novembro de 2009, que levou aparellada unha indemnización de 4,1 millóns de euros. Unha decisión adoptada en pleno aniversario do Prestige.

Por segunda vez sácase a concurso unha nova licitación desta actuación no mes de decembro de 2009 e se paraliza a contratación polas denuncias coñecidas de sobrecusto, xa que a mesa de contratación propón adxudicar a concesión de obra pública a oferta máis cara: aquela que supuña 395 millóns de euros máis que a primeira adxudicación feita na anterior lexislatura e 215 millóns de euros que a oferta mías vantaxosa das presentadas neste concurso. Esta proposta de adxudicación é recorrida por un dos licitadores diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Este sinuoso e desconcertante proceso remata no mes de outubro de 2010 coa decisión de renunciar a celebración deste contrato de concesión que xa naceu malferido.

Pois ben, seguindo este camiño proceloso, no mes de decembro de 2010 se publica no Diario Oficial de Galicia unha nova licitación para a adxudicación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía da Costa da Morte que ten que ser corrixida no DOG do día seguinte e tamén no do día 4 de xaneiro deste ano.

Seguindo co proceso contractual o 25 de marzo de 2011 asínanse dous contratos negociados sen publicidade por un importe de 78.494,78 €, para asistir a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na



Grupo Parlamentario

contratación que se desenvolve do seguinte xeito: o día 2 de febreiro se presentan as ofertas no rexistro da Xunta de Galicia, o 14 de marzo a mesa de contratación acorda admitir a licitación aos dous únicos licitadores. A apertura do sobre B efectuouse o día 16 de marzo, quedando para o día 2 de maio a apertura do sobre que contén as ofertas económicas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En relación coa tramitación do contrato de concesión de obra pública máis importante da actual lexislatura, o deputado e a deputada interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales foron as razóns obxectivas e xurídicas da rescisión do contrato no seu día asinado e que levou a perder dous anos na execución material da obra?
2. Cales foron as causas do desestimento no primeiro proceso contractual desta obra de licitación da era popular?
3. Como desenvolveu a Xunta de Galicia este segundo proceso de licitación do contrato de concesión de obra pública máis importante desta lexislatura?
4. Cales foron os criterios e as valoracións efectuadas pola mesa de contratación a hora de decidir a adxudicación deste contrato que ten un orzamento base de licitación por importe de 664.828.609 €?
5. Cal foi o nivel de incidencia das valoracións efectuadas polas consultoras contratadas por un procedemento negociado sen publicidade para este contrato de concesión de obra pública?
6. Que prazos manexa a Xunta de Galicia para a posta en servizo desta infraestrutura que vai vertebrar toda a Costa da Morte?
7. Está en disposición de asegurar a Xunta de Galicia, que as escasas actuacións que se están a realizar e as previstas no futuro, en concreto esta autovía da Costa da Morte, serán libres de peaxe?


Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Marisol Soneira Tajés

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario


Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 02/05/2011 11:05:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Soledad Soneira Tajés na data 02/05/2011 11:07:10



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Comisión Nacional da Competencia (CNC) acaba de impoñer unha multa multimillonaria o 90% das bateas existentes nas rías galegas por suposto pacto de prezos, tras unha denuncia feita por ANFACO.

A decisión da CNC, na liña da súa tradicional política de interpretar calquera acción dos sectores produtivos en defensa das súas rendas e dos seus intereses, como unha vulneración das regras de competencia que debe ser sancionada coa máxima dureza, parece absolutamente desproporcionada e sitúa o sector mexilloeiro nunha posición moi complicada.

En todo este asunto a Administración pesqueira galega ten moito que dicir xa que todos os responsables da consellaría, de todos os gobernos da Xunta de Galicia, teñen mantido xuntanzas co sector mexilloeiro para tratar de buscar solucións á constante baixada de prezos do mexillón destinado á industria conserveira. Parece que a actual conselleira do Mar nega este feito e deixa o sector abandonado á súa sorte.

As asociacións que engloban as bateas mexilloeiras xa teñen anunciado a súa intención de recorrer xudicialmente a sanción imposta pola CNC por considerala inxusta, e por non ter en conta as alegacións e probas documentais aportadas na súa defensa, xa que a asunción desta multa implica o recoñecemento dunha práctica que a evolución dos prezos no mercado se encargaron de desmentir xa que, desgraciadamente para os intereses dos produtores, os prezos non só non subiron senón que baixaron constantemente ao longo dos anos. Hoxe pódese estimar que o mexillón destinado á transformación é un 20% máis barato que a finais dos anos noventa.



Grupo Parlamentario

O Goberno de Galicia ten a obriga política e legal de defender os nosos sectores produtivos, máxime se estes teñen unha incidencia económica e social como a miticultura. Por iso, as deputadas e os deputados que asinan interpelan á Sra. conselleira do Mar nos seguintes termos::

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.^a) Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia, diante da multa imposta pola Comisión Nacional da Competencia, en defensa do sector mexilloeiro galego?

2.^a) Que accións ten levado a cabo a Xunta de Galicia, diante da Comisión Nacional da Competencia, durante o período de tramitación do expediente que dou lugar a esta sanción?

3.^a) Que accións ten levado a cabo a Xunta de Galicia dende o momento en se ten coñecido a decisión da CNC de multar os distintos colectivos que agrupan os produtores de mexillón de Galicia?

4.^a) Dos datos que obran en poder da Xunta de Galicia, cantas reunións teñen mantidos os distintos conselleiros e conselleiras, responsables de pesca, co sector mexilloeiro galego, ao longo dos anos, onde o baixo prezo deste produto fose obxecto de estudo, análise e debate?

5.^a) Aproba e apoia a Xunta de Galicia as accións anunciadas polo sector mexilloeiro galego diante desta decisión da CNC?


Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 02/05/2011 18:23:14



 Grupo Parlamentario

María José Caride Estévez na data 02/05/2011 18:23:19

José Manuel Gallego Lomba na data 02/05/2011 18:23:29

.....
Francisco Xulio Cerviño González na data 02/05/2011 18:23:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 10:20
Nº Rexistro: 64649
Data envío: 04/05/2011 10:20:07.527

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Carlos Aymerich Cano deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á política educativa que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria poñerá en práctica no vindeiro curso 2011-2012.

A Consellaría de Educación ten no seu haber dous cursos de retrocesos importantes en materia educativa, nomeadamente, o decreto do plurilingüismo, o proxecto abalar, o decreto dos centros plurilingües, o recorte de fondos para os centros, o recorte de bolsas para o alumnado, eliminación das licenzas de estudos ou a supresión de prazas de profesorado. Esta situación non mellora co proxecto de Lei de convivencia e participación da comunidade educativa, proxecto rexeitado unánimemente pola comunidade educativa a través dos seus representantes no Consello Escolar de Galiza. A preocupación pola educación pública en Galiza é grande, tanto entre os profesionais como entre as familias. Por este motivo fórmase a seguinte INTERPELACIÓN:

1. Que liñas educativas se implementarán no curso 2011-2012?
2. Que medidas adoptará a Consellaría de Educación para mellorar a calidade educativa?
3. Que melloras se realizarán nas liñas de transporte escolar no vindeiro curso?
4. Que porcentaxe de alumnado galego non terá acceso a axudas para libros de texto para o curso 2011-2012?
5. Que nivel de desenvolvemento terá o Proxecto Abalar nos centros aos que lles



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 10:20
Nº Rexistro: 64649
Data envío: 04/05/2011 10:20:07.527

foi concedido este proxecto para o curso 2011-2012?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 04/05/2011 9:49:18

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/05/2011 9:49:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/05/2011 13:27

Nº Rexistro: 64672


Data envío: 04/05/2011 13:27:29.892

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa ao decreto de atención á diversidade.

A Consellaría de Educación presenta un borrador do proxecto de decreto para regular a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes. Logo de ter debatido no Parlamento de Galiza no mes de novembro sobre a promoción dun sistema de educación inclusivo, agardábamos un compromiso claro da Consellaría con medidas reais que melloraran a atención á diversidade. Dado que no borrador falta un compromiso claro coa mellora da escola inclusiva, fundamentalmente no que se refire a reducir as ratios de alumnos e alumnas e a dotación aos centros do persoal especializado preciso, consideramos necesario formular a seguinte INTERPELACIÓN:

1. Que medidas concretas incorpora o proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes?
2. Que medidas adoptará a Consellaría de Educación para dotar aos centros educativos do persoal especializado necesario?
3. Que medidas adoptará a Consellaría de Educación para reducir as ratios de alumnado para permitir unha verdadeira escola inclusiva?
4. Que medidas adoptara a Consellaría de Educación para que o alumnado con diversidade funcional poidan participar con normalidade no proxecto Abalar?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 13:27
Nº Rexistro: 64672
Data envío: 04/05/2011 13:27:29.892

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 04/05/2011 13:02:17

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/05/2011 13:02:22



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** dirixida ao Goberno Galego, sobre a destrución de emprego na Galiza.

A publicación dos datos da Enquisa de Poboación Activa, EPA, do primeiro trimestre deste ano evidencia, unha vez máis, que a destrución de emprego estase convertendo nunha das características que mellor definen o comportamento do mundo do traballo na Galiza, ao mesmo tempo que o incremento na destrución do emprego no proceso de crise actual é superior ao que houbo noutros momentos de difícil situación económica.

A análise dunha serie de datos recollidos ou reflexados na enquisa amosan un comportamento propio no mercado laboral galego onde a falla dunha política industrial e, tamén, do fomento do emprego é patente. A inacción do actual Goberno galego esta sumido nunha vía de difícil retorno que afecta dun xeito moi especial a aquelas persoas que teñen perdido o seu emprego, someténdooas nunha situación de anguria e desesperanza.

En anteriores anos, coincidindo co anterior Goberno, houbo un crecemento sostido en canto a taxa de actividade (relación entre as persoas ocupadas e as que buscan traballo e a poboación de 16 e máis anos), no camiño de converxer, cando menos, coa taxa estatal, incorporando ao traballo moitas persoas e dándolle a oportunidade de desenvolver as súas capacidades profesionais e persoais. Esta tendencia revertese co novo Goberno, pasando a ocupar o segundo posto en canto as comunidades autónomas con menor taxa.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro tanto ocorre coa taxa de paro, cun decrecemento constante nos anos 2005-2008, máis a chegada do Goberno actual significou un cambio de rumbo, pasando a situármonos como unha das primeiras comunidades autónomas que máis emprego destrúe fronte a outras que foron capaces de crear emprego neto, tendo acadado cifras inimaxinábeis tanto no paro rexistrado como nos demandantes de emprego, a pesares dos esforzos feitos polo Goberno galego por maquear as listas do paro.

Cun paro rexistrado de 249.246 e 311.154 demandantes de emprego no último mes da EPA, afloran outras circunstancias tremendamente dramáticas como son as 98.970 persoas paradas que non teñen ningún tipo de ingresos, ou o crecemento das familias que teñen a todos os seus membros desempregados debuxa un panorama desolador no que non se miran perspectivas de cambio significativas.

A súa vez, a afiliación á Seguridade Social leva meses caendo, o que significa a baixa de 47. 371 dende que este Goberno tomou posesión, dato que representa o verdadeiro termómetro na creación de emprego real neste caso, na baixada da poboación ocupada, a que realmente esta traballando.

Estas circunstancias son as que nos obrigan a formular a seguinte interpelación dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego,:

1ª) Cal é a valoración do Goberno en canto a esta vaga de destrución intensa de emprego?.

2ª) Ata cando pensa o Goberno que vai durar esta situación?.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) Cal é a análise que fai o Goberno sobre as medidas que ten anunciado?.

4ª) Que medidas vai desenvolver para crear emprego?.

5ª) Que accións específicas contempla o Goberno para aquelas familias que teñen a todos os seus membros no desemprego?.

6ª) Que vai facer o Goberno para reducir ata eliminar as situacións das persoas desempregadas sen ningún tipo de prestación económica?

Santiago de Compostela, 3 de Maio do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 04/05/2011 18:58:08



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento


Concepción Burgo López, Xoaquín Mª Fernández Leiceaga, Guillermo Meijón Couselo e Francisco Cerviño González, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As bibliotecas públicas son axentes culturais de primeira importancia que garanten o acceso igualitario e democrático á cultura. Hoxe en día desempeñan un papel fundamental na acción e difusión dos hábitos da lectura, na utilización democrática das novas tecnoloxías, na transferencia de coñecementos, na conservación e transmisión do noso patrimonio cultural ademais de ser centros de ocio. Son polo tanto, centros fundamentais de dinamización cultural onde se ofrece formación, información e ocio.

Por todo isto, as bibliotecas públicas tiñan que estar no centro da política cultural do Goberno, pero nada mais lonxe da realidade porque a Consellería de Cultura as ten abandonadas, situación que o Grupo Parlamentario Socialista vén denunciando durante toda este lexislatura, así como os importantes recortes orzamentarios que se deron nos anos 2010 e 2011 – preto do 54%- no programa de Bibliotecas, Arquivos, Museos e Equipamentos culturais, moi por encima do descenso producido no conxunto dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Un abandono que contrasta ca creación da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, que segundo o conselleiro mostraba a importancia que o Goberno do Sr. Feijoo daba a este sector pero que, agora se comproba, era unha mera campaña de propaganda.

É lóxico, dada esta situación, que en datas recentes a asociación ANABAD-Galicia denunciase, a través dun comunicado, a preocupación dos profesionais polo presente e futuro das bibliotecas públicas. Como se afirma neste comunicado, este ano 2011 non se realizou a convocatoria de axudas para a adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas, co agravante de que este é un programa cofinanciado co Ministerio de Cultura

 Grupo Parlamentario

e que nos orzamentos da Consellería está reflectida unha partida de 1.500.000 de euros aportada polo dito Ministerio.

Ademais, este ano tamén desaparece practicamente o programa Letras Vivas que demostrou ser un elemento fundamental para o fomento da lectura. Nos anos anteriores, a programación de Letras Vivas nas bibliotecas públicas comezaba no mes de marzo prolongándose durante todo o ano, e se beneficiaban del a maior parte das bibliotecas. En cambio este ano 2011, despois de facerse unha convocatoria cas mesmas condicións que en anos anteriores, no mes de abril, cando todas as bibliotecas fixeran xa a súa programación anual que é perceptivo enviar a Consellería para acceder as axudas, a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos anunciou que se recortaba o presuposto, de tal maneira que só poderían recibir unha axuda un 86% máis baixa que á do ano pasado, tendo presupostado para estas actividades para todas as bibliotecas públicas e durante todo o ano 50.000€, e por riba as actividades só se poden facer nos meses de abril e maio, polo que a maior parte das bibliotecas xa non se podían acoller ás axudas. Así, este programa, que tantos beneficios aportou os lectores e aos creadores e animadores culturais, queda totalmente anulado.

E aínda hai que engadir, tal como denuncia ANABAD-Galicia, a desaparición do programa de formación para os traballadores e traballadoras das bibliotecas públicas inscritas na rede galega.

Todo isto é consecuencia dunha política errada que non quere ver a importancia da cultura e das bibliotecas públicas, e que tampouco atende ao necesario fomento da lectura e a elevación dos índices galegos que seguen por debaixo da media española a pesar das promesas feitas polo conselleiro no ano 2010 co gallo do “Ano do Libro e a Lectura”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é a valoración do conselleiro de Cultura e Turismo dos drásticos recortes, por riba dos descensos xa realizados nos orzamentos, que está a aplicar ás bibliotecas públicas?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Guillermo Meijón Couselo
Francisco Cerviño González
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


María Concepción Burgo López na data 28/04/2011 12:55:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2011 12:55:16

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 28/04/2011 12:55:23

Francisco Xulio Cerviño González na data 28/04/2011 12:55:28



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A supresión do Seguro Colectivo de Accidentes dos homes e mulleres que traballan no mar deixou desprotexidas a case 30.000, diante dun accidente producido no exercicio da súa actividade.

Un dos colectivos que quedan absolutamente desprotexidos son os mariscadores e mariscadoras a pé, e os mariñeiros galegos enrolados en barcos de terceiros países.

Diante desa situación, as deputadas e os deputados que asinan preguntan á Sra. Conselleira do Mar:

Que pensa facer a Xunta de Galicia para devolver esta cobertura aos milleiros de persoas que traballan no mar?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2011


Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 29/04/2011 12:41:58




 Grupo Parlamentario

María José Caride Estévez na data 29/04/2011 12:42:03

José Manuel Gallego Lomba na data 29/04/2011 12:42:14

Francisco Xulio Cerviño González na data 29/04/2011 12:42:20

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno sobre un recinto multiusos e feiral en Ribeira, na comarca do Barbanza**.

Durante o ano 2007 o Parlamento de Galicia acordou demandar da Xunta de Galicia que dera os pasos encamiñados a que O Barbanza e singularmente o concello de Ribeira albergara un recinto multiusos que permitise a súa utilización como recinto feiral.

Daquela falouse dun ofrecemento do concello de Ribeira (A Coruña) para poñer a disposición da Xunta de Galicia uns terreos municipais.

Dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia non tivemos ningunha noticia sobre as previsións da Xunta para cumprir un acordo parlamentario que insta ao Goberno galego a dotar á comarca do Barbanza e ao concello de Ribeira cun equipamento multiusos que permita o seu aproveitamento como recinto feiral.


Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que xestións leva feito a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo do Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia




 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 02/05/2011 13:30:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


José Manuel Lage Tuñas, Silvia Fraga Santos, María Quintas Álvarez e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, co obxecto de que se clarifique a **convocatoria de prazas de persoal indefinido na sociedade pública TURGALICIA vulnerando a lexislación vixente**.

É unha constante dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia a existencia de continuas anomalías e irregularidades na función pública. Non hai un só mes no que non xurdan noticias negativas ao redor dos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Xunta de Galicia e/ou nas súas sociedades.

A utilización de forma perversa da lexislación co obxecto de primar intereses partidarias ou persoais está sendo unha constante ao longo da actual lexislatura.

Con data 18/04/2011, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) publicou as bases da convocatoria dunha praza **de xefe de área de xestión económica e persoal**, con carácter indefinido para a referida sociedade.

Da análise da convocatoria despréndese que non se cumpre o artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. O artigo 17 mencionado, *establece que a selección do seu persoal, agás o directivo e demais excepcións previstas nesta lei, será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:* a) *Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección;* b) *Bases das convocatorias.* c) *Probas de selección.*

 Grupo Parlamentario

Correspóndelle á Dirección Xeral de Función Pública a realización da selección de persoal para cubrir esta praza ao non tratarse dun posto directivo, e non lle corresponde á citada sociedade nin á súa máxima directiva.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos ante un claro incumprimento do o artigo 17 da referida lei.

Tamén cabe recordar que a composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de seleccións deben ser nomeados polo director xeral de Función Pública, e non pola conselleira - delegada de TURGALICIA, como se establece nas bases xa citadas. Unha vez máis estamos diante dun claro incumprimento do artigo 17 da referida Lei.

É sorprendente e pedimos unha explicación clarificadoras ao respecto das bases da convocatoria e das probas de selección nela incluída.

Consideramos chamativo que mentres nas probas selectivas de titulados superiores de persoal laboral se esixen 70 ou 80 temas, e no persoal funcionario aproximadamente un centenar de temas, pero nembargantes nesta convocatoria só se esixen 10 temas.

Igualmente sorprendente é que mentres nas probas selectivas do grupo I de persoal laboral ou do grupo A de funcionarios se fan 3 ou 4 exercicios, neste caso só se contempla a realización dunha simple proba teórica - práctica sen máis especificar. Nas bases non se observa que se estableza ningunha garantía para asegurar o anonimato dos opositores nin garantía de que o exame, ese “suposto teórico - práctico” non se vaia filtrar.

Estamos diante dunha convocatoria que recorda as peores prácticas clientelares e caciquís que xa se producen nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense, o que desmonta a teoría de que hai dous Partidos Populares, hai un só e coas mesmas prácticas na Xunta que nas Deputacións Provinciais.

Porque si chamativas son as bases e o proceso de teórica oposición para esta praza, o que xa é indefendible é o previsto para a suposta fase de concurso, onde non se especifica en que categoría se valora a experiencia, onde se valora máis a experiencia en sociedades públicas que na propia



Grupo Parlamentario

administración, e onde se dispón que se valora a experiencia ante a AEAT, pero non na AEAT.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En definitiva os socialistas galegos consideramos que se dan un cúmulo de irregularidades que xa levantaron sospeitas abundantes entre os representantes sindicais que puxeron o grito no ceo diante dun posible amaño da citada praza.

Polo anteriormente exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que incumpre o Goberno galego a lexislación vixente á hora de ofertar unha praza de emprego público na sociedade Turgalicia?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Silvia Fraga Santos
María Quintas Alvarez
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 02/05/2011 13:26:13

Silvia Belen Fraga Santos na data 02/05/2011 13:26:18

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 02/05/2011 13:26:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2011 13:26:31

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Silvia Fraga Santos, María Quintas Álvarez e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, co obxecto de que se clarifique a **convocatoria de prazas de persoal indefinido na sociedade pública TURGALICIA vulnerando a lexislación vixente**.

É unha constante dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia a existencia de continuas anomalías e irregularidades na función pública. Non hai un só mes no que non xurdan noticias negativas ao redor dos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Xunta de Galicia e/ou nas súas sociedades.

A utilización de forma perversa da lexislación co obxecto de primar intereses partidarias ou persoais está sendo unha constante ao longo da actual lexislatura.

Con data 18/04/2011, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) publicou as bases da convocatoria dunha praza **de xefe de área de xestión económica e persoal**, con carácter indefinido para a referida sociedade.

Da análise da convocatoria despréndese que non se cumpre o artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. O artigo 17 mencionado, *establece que a selección do seu persoal, agás o directivo e demais excepcións previstas nesta lei, será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:* a) *Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección;* b) *Bases das convocatorias.* c) *Probas de selección.*



Grupo Parlamentario

Correspóndelle á Dirección Xeral de Función Pública a realización da selección de persoal para cubrir esta praza ao non tratarse dun posto directivo, e non lle corresponde á citada sociedade nin á súa máxima directiva.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos ante un claro incumprimento do o artigo 17 da referida lei.

Tamén cabe recordar que a composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de seleccións deben ser nomeados polo director xeral de Función Pública, e non pola conselleira - delegada de TURGALICIA, como se establece nas bases xa citadas. Unha vez máis estamos diante dun claro incumprimento do artigo 17 da referida Lei.

É sorprendente e pedimos unha explicación clarificadoras ao respecto das bases da convocatoria e das probas de selección nela incluída.

Consideramos chamativo que mentres nas probas selectivas de titulados superiores de persoal laboral se esixen 70 ou 80 temas, e no persoal funcionario aproximadamente un centenar de temas, pero nembargantes nesta convocatoria só se esixen 10 temas.

Igualmente sorprendente é que mentres nas probas selectivas do grupo I de persoal laboral ou do grupo A de funcionarios se fan 3 ou 4 exercicios, neste caso só se contempla a realización dunha simple proba teórica - práctica sen máis especificar. Nas bases non se observa que se estableza ningunha garantía para asegurar o anonimato dos opositores nin garantía de que o exame, ese “suposto teórico - práctico” non se vaia filtrar.

Estamos diante dunha convocatoria que recorda as peores prácticas clientelares e caciquís que xa se producen nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense, o que desmonta a teoría de que hai dous Partidos Populares, hai un só e coas mesmas prácticas na Xunta que nas Deputacións Provinciais.

Porque si chamativas son as bases e o proceso de teórica oposición para esta praza, o que xa é indefendible é o previsto para a suposta fase de concurso, onde non se especifica en que categoría se valora a experiencia, onde se valora máis a experiencia en sociedades públicas que na propia



Grupo Parlamentario

administración, e onde se dispón que se valora a experiencia ante a AEAT, pero non na AEAT.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En definitiva os socialistas galegos consideramos que se dan un cúmulo de irregularidades que xa levantaron sospeitas abundantes entre os representantes sindicais que puxeron o grito no ceo diante dun posible amaño da citada praza.

Polo anteriormente exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Dirección Xeral da Función Pública ten avalado unha convocatoria a toda luces plagada de irregularidades?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Silvia Fraga Santos
María Quintas Alvarez
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 02/05/2011 13:26:57

Silvia Belen Fraga Santos na data 02/05/2011 13:27:01

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 02/05/2011 13:27:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2011 13:27:11

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


José Manuel Lage Tuñas, Silvia Fraga Santos, María Quintas Álvarez e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, co obxecto de que se clarifique a **convocatoria de prazas de persoal indefinido na sociedade pública TURGALICIA vulnerando a lexislación vixente**.

É unha constante dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia a existencia de continuas anomalías e irregularidades na función pública. Non hai un só mes no que non xurdan noticias negativas ao redor dos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Xunta de Galicia e/ou nas súas sociedades.

A utilización de forma perversa da lexislación co obxecto de primar intereses partidarias ou persoais está sendo unha constante ao longo da actual lexislatura.

Con data 18/04/2011, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) publicou as bases da convocatoria dunha praza **de xefe de área de xestión económica e persoal**, con carácter indefinido para a referida sociedade.

Da análise da convocatoria despréndese que non se cumpre o artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. O artigo 17 mencionado, *establece que a selección do seu persoal, agás o directivo e demais excepcións previstas nesta lei, será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:* a) *Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección;* b) *Bases das convocatorias.* c) *Probas de selección.*

 Grupo Parlamentario

Correspóndelle á Dirección Xeral de Función Pública a realización da selección de persoal para cubrir esta praza ao non tratarse dun posto directivo, e non lle corresponde á citada sociedade nin á súa máxima directiva.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos ante un claro incumprimento do o artigo 17 da referida lei.

Tamén cabe recordar que a composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de seleccións deben ser nomeados polo director xeral de Función Pública, e non pola conselleira - delegada de TURGALICIA, como se establece nas bases xa citadas. Unha vez máis estamos diante dun claro incumprimento do artigo 17 da referida Lei.

É sorprendente e pedimos unha explicación clarificadoras ao respecto das bases da convocatoria e das probas de selección nela incluída.

Consideramos chamativo que mentres nas probas selectivas de titulados superiores de persoal laboral se esixen 70 ou 80 temas, e no persoal funcionario aproximadamente un centenar de temas, pero nembargantes nesta convocatoria só se esixen 10 temas.

Igualmente sorprendente é que mentres nas probas selectivas do grupo I de persoal laboral ou do grupo A de funcionarios se fan 3 ou 4 exercicios, neste caso só se contempla a realización dunha simple proba teórica - práctica sen máis especificar. Nas bases non se observa que se estableza ningunha garantía para asegurar o anonimato dos opositores nin garantía de que o exame, ese “suposto teórico - práctico” non se vaia filtrar.

Estamos diante dunha convocatoria que recorda as peores prácticas clientelares e caciquís que xa se producen nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense, o que desmonta a teoría de que hai dous Partidos Populares, hai un só e coas mesmas prácticas na Xunta que nas Deputacións Provinciais.

Porque si chamativas son as bases e o proceso de teórica oposición para esta praza, o que xa é indefendible é o previsto para a suposta fase de concurso, onde non se especifica en que categoría se valora a experiencia, onde se valora máis a experiencia en sociedades públicas que na propia



Grupo Parlamentario

administración, e onde se dispón que se valora a experiencia ante a AEAT, pero non na AEAT.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En definitiva os socialistas galegos consideramos que se dan un cúmulo de irregularidades que xa levantaron sospeitas abundantes entre os representantes sindicais que puxeron o grito no ceo diante dun posible amaño da citada praza.

Polo anteriormente exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que departamentos do Goberno galego avalaron cos seus informes a oferta da citada praza por parte da sociedade Turgalicia?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Silvia Fraga Santos
María Quintas Alvarez
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 02/05/2011 13:28:18

Silvia Belen Fraga Santos na data 02/05/2011 13:28:22

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 02/05/2011 13:28:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2011 13:28:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


José Manuel Lage Tuñas, Silvia Fraga Santos, María Quintas Álvarez e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, co obxecto de que se clarifique a **convocatoria de prazas de persoal indefinido na sociedade pública TURGALICIA vulnerando a lexislación vixente**.

É unha constante dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia a existencia de continuas anomalías e irregularidades na función pública. Non hai un só mes no que non xurdan noticias negativas ao redor dos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Xunta de Galicia e/ou nas súas sociedades.

A utilización de forma perversa da lexislación co obxecto de primar intereses partidarias ou persoais está sendo unha constante ao longo da actual lexislatura.

Con data 18/04/2011, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) publicou as bases da convocatoria dunha praza **de xefe de área de xestión económica e persoal**, con carácter indefinido para a referida sociedade.

Da análise da convocatoria despréndese que non se cumpre o artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. O artigo 17 mencionado, *establece que a selección do seu persoal, agás o directivo e demais excepcións previstas nesta lei, será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:* a) *Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección;* b) *Bases das convocatorias.* c) *Probas de selección.*

 Grupo Parlamentario

Correspóndelle á Dirección Xeral de Función Pública a realización da selección de persoal para cubrir esta praza ao non tratarse dun posto directivo, e non lle corresponde á citada sociedade nin á súa máxima directiva.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos ante un claro incumprimento do o artigo 17 da referida lei.

Tamén cabe recordar que a composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de seleccións deben ser nomeados polo director xeral de Función Pública, e non pola conselleira - delegada de TURGALICIA, como se establece nas bases xa citadas. Unha vez máis estamos diante dun claro incumprimento do artigo 17 da referida Lei.

É sorprendente e pedimos unha explicación clarificadoras ao respecto das bases da convocatoria e das probas de selección nela incluída.

Consideramos chamativo que mentres nas probas selectivas de titulados superiores de persoal laboral se esixen 70 ou 80 temas, e no persoal funcionario aproximadamente un centenar de temas, pero nembargantes nesta convocatoria só se esixen 10 temas.

Igualmente sorprendente é que mentres nas probas selectivas do grupo I de persoal laboral ou do grupo A de funcionarios se fan 3 ou 4 exercicios, neste caso só se contempla a realización dunha simple proba teórica - práctica sen máis especificar. Nas bases non se observa que se estableza ningunha garantía para asegurar o anonimato dos opositores nin garantía de que o exame, ese “suposto teórico - práctico” non se vaia filtrar.

Estamos diante dunha convocatoria que recorda as peores prácticas clientelares e caciquís que xa se producen nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense, o que desmonta a teoría de que hai dous Partidos Populares, hai un só e coas mesmas prácticas na Xunta que nas Deputacións Provinciais.

Porque si chamativas son as bases e o proceso de teórica oposición para esta praza, o que xa é indefendible é o previsto para a suposta fase de concurso, onde non se especifica en que categoría se valora a experiencia, onde se valora máis a experiencia en sociedades públicas que na propia



Grupo Parlamentario

administración, e onde se dispón que se valora a experiencia ante a AEAT, pero non na AEAT.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En definitiva os socialistas galegos consideramos que se dan un cúmulo de irregularidades que xa levantaron sospeitas abundantes entre os representantes sindicais que puxeron o grito no ceo diante dun posible amaño da citada praza.

Polo anteriormente exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego desta convocatoria?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Silvia Fraga Santos
María Quintas Alvarez
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 02/05/2011 13:29:22

Silvia Belen Fraga Santos na data 02/05/2011 13:29:26

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 02/05/2011 13:29:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2011 13:29:35

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Silvia Fraga Santos, María Quintas Álvarez e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, co obxecto de que se clarifique a **convocatoria de prazas de persoal indefinido na sociedade pública TURGALICIA vulnerando a lexislación vixente**.

É unha constante dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia a existencia de continuas anomalías e irregularidades na función pública. Non hai un só mes no que non xurdan noticias negativas ao redor dos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Xunta de Galicia e/ou nas súas sociedades.

A utilización de forma perversa da lexislación co obxecto de primar intereses partidarias ou persoais está sendo unha constante ao longo da actual lexislatura.

Con data 18/04/2011, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) publicou as bases da convocatoria dunha praza **de xefe de área de xestión económica e persoal**, con carácter indefinido para a referida sociedade.

Da análise da convocatoria despréndese que non se cumpre o artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. O artigo 17 mencionado, *establece que a selección do seu persoal, agás o directivo e demais excepcións previstas nesta lei, será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:* a) *Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección;* b) *Bases das convocatorias.* c) *Probas de selección.*



Grupo Parlamentario

Correspóndelle á Dirección Xeral de Función Pública a realización da selección de persoal para cubrir esta praza ao non tratarse dun posto directivo, e non lle corresponde á citada sociedade nin á súa máxima directiva.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos ante un claro incumprimento do o artigo 17 da referida lei.

Tamén cabe recordar que a composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de seleccións deben ser nomeados polo director xeral de Función Pública, e non pola conselleira - delegada de TURGALICIA, como se establece nas bases xa citadas. Unha vez máis estamos diante dun claro incumprimento do artigo 17 da referida Lei.

É sorprendente e pedimos unha explicación clarificadoras ao respecto das bases da convocatoria e das probas de selección nela incluída.

Consideramos chamativo que mentres nas probas selectivas de titulados superiores de persoal laboral se esixen 70 ou 80 temas, e no persoal funcionario aproximadamente un centenar de temas, pero nembargantes nesta convocatoria só se esixen 10 temas.

Igualmente sorprendente é que mentres nas probas selectivas do grupo I de persoal laboral ou do grupo A de funcionarios se fan 3 ou 4 exercicios, neste caso só se contempla a realización dunha simple proba teórica - práctica sen máis especificar. Nas bases non se observa que se estableza ningunha garantía para asegurar o anonimato dos opositores nin garantía de que o exame, ese “suposto teórico - práctico” non se vaia filtrar.

Estamos diante dunha convocatoria que recorda as peores prácticas clientelares e caciquís que xa se producen nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense, o que desmonta a teoría de que hai dous Partidos Populares, hai un só e coas mesmas prácticas na Xunta que nas Deputacións Provinciais.

Porque si chamativas son as bases e o proceso de teórica oposición para esta praza, o que xa é indefendible é o previsto para a suposta fase de concurso, onde non se especifica en que categoría se valora a experiencia, onde se valora máis a experiencia en sociedades públicas que na propia



Grupo Parlamentario

administración, e onde se dispón que se valora a experiencia ante a AEAT, pero non na AEAT.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En definitiva os socialistas galegos consideramos que se dan un cúmulo de irregularidades que xa levantaron sospeitas abundantes entre os representantes sindicais que puxeron o grito no ceo diante dun posible amaño da citada praza.

Polo anteriormente exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando se van a rematar as constantes anomalías e irregularidades na función pública da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Silvia Fraga Santos
María Quintas Alvarez
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 02/05/2011 13:29:58

Silvia Belen Fraga Santos na data 02/05/2011 13:30:01

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 02/05/2011 13:30:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2011 13:30:11

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Comisión Nacional da Competencia vén de impoñer unha multa multimillonaria o sector mexilloeiro galego que pode dar ao traste coa súa supervivencia en caso de que se leve a cabo nos termos en que se fixo pública.

As deputadas e os deputados que asinan, diante desta preocupante situación, preguntan á Sra. conselleira do Mar:

Que accións pensa levar a cabo diante da decisión da Comisión Nacional da Competencia con respecto á multa imposta o sector mexilloeiro galego?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 02/05/2011 18:49:42

María José Caride Estévez na data 02/05/2011 18:49:46


José Manuel Gallego Lomba na data 02/05/2011 18:49:54



 Grupo Parlamentario

Francisco Xulio Cerviño González na data 02/05/2011 18:49:58

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Pablo Xabier López Vidal, José Tomé Roca e Carmen Acuña do Campo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O acceso centro da Meseta a Galicia está previsto que se execute para comunicar as cidades de Ponferrada e Ourense, vertebrando ao mesmo tempo a comarca de Valdeorras, Monforte e Chantada. Un proxecto incorporado por un Goberno socialista ao Plan de Infraestruturas e Transporte e que está chamado a ser un dos principais vieiros de articulación territorial das provincias de Lugo e Ourense, da Galicia interior.

Unha actuación pensada e programada por quen hoxe exerce as responsabilidades de Ministro de Fomento e que se encontra, logo dun complicado percorrido, atascada por mor da existencia dun informe desfavorable emitido pola Xunta de Galicia a unha parte do trazado previsto.

Nunha recente comparecencia no Senado, ratificouse o compromiso de impulsar os proxectos que supoñen unha mellor vertebración do interior de Galicia e dunha nova comunicación coa zona do Bierzo. Manifestouse que o obxectivo é acelerar ao máximo a aprobación da Declaración de Impacto Ambiental (D.I.A) pendente. Isto é imposible diante da oposición dos actuais responsables políticos da Xunta de Galicia que cun informe negativo manteñen paralizado o avance de execución do proxecto.

Logo da emisión do informe en contra da Xunta de Galicia ao paso desta infraestrutura de comunicación pola Serra de Lastra na comarca de Valdeorras, o Ministerio de Fomento remitiulle fai máis de seis meses, varias solucións alternativas para poder desbloquear o problema, que a día de hoxe non foron contestadas nin atendidas.

 Grupo ParlamentarioPartido dos
Socialistas
de Galicia

Diante da falla do informe favorable da autoridade ambiental da Xunta de Galicia non é posible formular a Declaración de Impacto Ambiental nin licitar os pertinentes proxectos construtivos para poder realizar a obra. Segundo a normativa vixente, a DIA é a que precisa a validez dos trazados e a división ou non dos mesmos. Si a Xunta de Galicia non fai os seus escasos deberes, esta actuación non deixará de estar paralizada.

Ninguén no noso país pode discutir a necesidade desta actuación e as melloras que vai a reportar tanto para a mobilidade das persoas como das mercadorías, así como para a seguridade viaria. Cando nun futuro inmediato estea rematada o valor engadido que vai a distribuír nas terras polas que pasa será transcendental para a mellora da competitividade e do crecemento económico de Valdeorras, Monforte, Chantada e Ourense.

Resulta inconcibible que a Xunta de Galicia teña empantanado un proxecto desta envergadura e que non se saiban valorar os beneficios desta actuación durante a súa construción e o remate da mesma, nun momento de especiais dificultades económicas que estamos a padecer.

Diante desta situación insostible de ausencia de colaboración co Ministerio de Fomento por parte da Xunta de Galicia, para poder liberar esta necesaria actuación comunicacional, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que motiva a non emisión do informe medioambiental pertinente, para poder desbloquear a paralización da autovía A-76 (Ponferrada – Ourense) por parte da Xunta de Galicia?


Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
José Tomé Roca
Carmen Acuña do Campo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 03/05/2011 16:58:16



 Grupo Parlamentario

José Tomé Roca na data 03/05/2011 16:58:23

María del Carmen Acuña do Campo na data 03/05/2011 16:58:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2011 17:09
Nº Rexistro: 64616
Data envío: 03/05/2011 17:09:52.173

Á Mesa do Parlamento

Teresa Táboas Veleiro e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, en relación á legalización, polo Goberno da Xunta de Galiza, das edificacións ilegais no concello de Fisterra.

Son xa 6 as sentenzas firmes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarando ilegais, no concello de Fisterra, edificacións resultado da especulación urbanística que trouxo da man un modelo neoliberal no que o solo e a vivenda se converteron nun produto máis para obter beneficios rápidos, aínda que se estragase o territorio ou se fixesen as obras saltándose toda legalidade.

Basta sinalar que dende o ano 2002 na Costa da Morte as novas edificacións para vivenda incrementáronse nun 444%, das cales a meirande parte son segundas residencias.

A crónica da construción destas edificacións é a mesma ca de outras áreas do noso país, como foi a de Barreiros na Mariña Lucense, e dicir, construír sen os servizos básicos outorgando licenzas incumprindo a lei, xa que se trataba dun solo urbano non consolidado. O Goberno anterior, no ano 2006, requiriu ao Concello de Fisterra para poñer freo ás obras que alí se levaban a cabo; acudindo a Xunta aos tribunais e así, cinco anos máis tarde, as licenzas son declaradas ilegais.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2011 17:09
Nº Rexistro: 64616
Data envío: 03/05/2011 17:09:52.173

Por iso, e perante tanta irresponsabilidade en materia de urbanismo por parte do Partido Popular, que ven de anunciar, como xa o fixo en Barreiros, amparar as ilegalidades, o Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego pedir a non execución da sentenza que esixe derrubar as urbanizacións ilegais de Fisterra?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2011.

Asdo.: Teresa Táboas Veleiro

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Táboas Veleiro na data 03/05/2011 17:08:09

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/05/2011 17:08:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 10:22
Nº Rexistro: 64651
Data envío: 04/05/2011 10:22:52.898

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Carlos Aymerich Cano deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á política educativa que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria poñerá en práctica no vindeiro curso 2011-2012.

A Consellaría de Educación ten no seu haber dous cursos de retrocesos importantes en materia educativa, nomeadamente, o decreto do plurilingüismo, o proxecto abalar, o decreto dos centros plurilingües, o recorte de fondos para os centros, o recorte de bolsas para o alumnado, eliminación das licenzas de estudos ou a supresión de prazas de profesorado. Esta situación non mellora co proxecto de Lei de convivencia e participación da comunidade educativa, proxecto rexeitado unánimemente pola comunidade educativa a través dos seus representantes no Consello Escolar de Galiza. A preocupación pola educación pública en Galiza é grande, tanto entre os profesionais como entre as familias. Por este motivo fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que liñas educativas se implementarán no curso 2011-2012?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 10:22
Nº Rexistro: 64651
Data envío: 04/05/2011 10:22:52.898

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 04/05/2011 10:16:05

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/05/2011 10:16:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 12:57
Nº Rexistro: 64663
Data envío: 04/05/2011 12:57:32.792

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa ás axudas outorgadas pola Xunta de Galiza á Fundación Benéfica "Nuestra Señora de Fátima".

Dadas as graves irregularidades detectadas na actuación da Fundación "Nuestra Señora de Fátima", ao punto de que o antigo presidente desta - estreitamente relacionado, segundo manifestación propia, coa Secretaria Xeral da Consellaría de Traballo e Benestar - está imputado pola presunta comisión de delitos de fraude e apropiación indebida dos fondos da entidade e dado tamén que, de forma inexplicable, o Rexistro de Fundacións tense negado, até a data, a certificar a inscrición da substitución do citado directivo por unha nova presidenta, formúlase a seguinte cuestión:

Que axudas recebeu a Fundación "Nuestra Señora de Fátima" da Xunta de Galiza nos últimos dez anos?

Santiago de Compostela, a 4 de maio de 2011

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 12:57
Nº Rexistro: 64663
Data envío: 04/05/2011 12:57:32.792

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/05/2011 12:28:52

Ana Luisa Bouza Santiago na data 04/05/2011 12:28:56



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 13:25
Nº Rexistro: 64671
Data envío: 04/05/2011 13:25:51.628

Á Mesa do Parlamento


María Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre retrasos no pago das nóminas aos funcionarios.

Sorprendémonos onte cunha noticia que produce enorme preocupación. Trátase da denuncia de sectores de funcionarios da administración galega poñendo de manifesto un retraso na percepción das súas nóminas que nunca se tiña producido nos últimos tempos.

A Xunta de Galicia, como ben sendo habitual nos últimos tempos, necesita buscar a externalización das súas responsabilidades. Como sempre, para a Xunta a culpa do ocorrido é das entidades financeiras ou do propio Goberno do Estado. Inaudito que a Administración responsábel de todo o proceso de pago, busque responsabilidades fóra.

Este feito, que se produce con este Goberno na Xunta por primeira vez nos últimos tempos, xera enorme preocupación polas consecuencias que ten para moitas persoas que poden ter compromisos vitais importantes dependentes do cobro puntual do seu salario e tamén por si crea un precedente que se pode repetir e, xa que logo, por si se trata dun indicador doutras situacións máis problemáticas que hai que corrixir.

Ante isto, preséntase a seguinte pregunta:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 13:25
Nº Rexistro: 64671
Data envío: 04/05/2011 13:25:51.628

Cal é a razón do retraso no pago das nóminas dalgúns empregados públicos correspondentes ao mes de abril?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 04/05/2011 13:22:44

Alfredo Suárez Canal na data 04/05/2011 13:22:50



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 13:28
Nº Rexistro: 64675
Data envío: 04/05/2011 13:28:58.375

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao decreto de atención á diversidade.

A Consellaría de Educación presenta un borrador do proxecto de decreto para regular a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes. Logo de ter debatido no Parlamento de Galiza no mes de novembro sobre a promoción dun sistema de educación inclusivo, agardábamnos un compromiso claro da Consellaría con medidas reais que melloraran a atención á diversidade. Dado que no borrador falta un compromiso claro coa mellora da escola inclusiva, fundamentalmente no que se refire a reducir as ratios de alumnos e alumnas e a dotación aos centros do persoal especializado preciso, consideramos necesario formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:


Que medidas concretas incorpora o proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2011 13:28
Nº Rexistro: 64675
Data envío: 04/05/2011 13:28:58.375

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 04/05/2011 13:09:30

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/05/2011 13:09:36



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, José Manuel Lage Tuñas, José Luis Méndez Romeu e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.


O balance dos dous anos de Goberno de Núñez Feijóo en materia de Xustiza é sinxelamente nefasta. Un balance que comezaba co incumprimento do falso compromiso de Feijóo anunciado en campaña electoral de crear unha consellería exclusiva en materia de Xustiza.

A falla de xestión e de preocupación pola Xustiza é tal que o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza non ten comparecido nin unha soa vez en dous anos no Parlamento de Galicia para falar de xustiza, ignorando as peticións deste grupo parlamentario. O anuncio de plans nunca explicados no Parlamento galego, a falla de iniciativa política no posicionamento de Galicia ante a prioridade de órganos xurisdiccionais, a nefasta xestión da oficina xudicial que ten unha implantación en Galicia á cola do Estado, a falla do máis necesario para desempeñar as funcións da Administración de xustiza son algúns dos exemplos da nefasta xestión do Goberno do PP.

Hoxe mesmo os medios de comunicación facíanse eco das protestas do funcionariado de Xustiza polo atraso no pago das súas nóminas, unha protesta que escenificaban funcionarias e funcionarios do Palacio de Xustiza de Ferrol e que ocorrían en toda a provincia da Coruña, no colmo do fracaso de xestión dun conselleiro máis ocupado en desenvolver os seus labores de secretario xeral do PP e de utilizar o Goberno para fins partidistas que de xestionar a área que dirixe de forma nefasta.

A mal chamada austeridade do Goberno Feijoo amosa unha vez máis o seu exemplo escatimando dereitos recoñecidos, consolidados vixentes e esixibles.



 Grupo Parlamentario

En virtude do exposto, a deputada e os deputados que asinan
formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Forma parte a demora no pago de nóminas ás funcionarias e
funcionarios de Xustiza dunha medida de “austeridade” do Goberno
Feijóo?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
José Manuel Lage Tuñas
José Luis Méndez Romeu
Juan Carlos Francisco Rivera

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 04/05/2011 17:25:10

José Manuel Lage Tuñas na data 04/05/2011 17:25:18

Jose Luis Méndez Romeu na data 04/05/2011 17:25:22

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/05/2011 17:25:35

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Beatriz Sestayo Doce, José Manuel Lage Tuñas, José Luis Méndez Romeu e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Protocolo da Xunta de Galicia dende a entrada do Goberno de Nuñez Feijóo, vén sendo unha enigma difícil de desentrañar. Este grupo parlamentario xa se ten interesado nesta Cámara polas estrañas instrucións dadas polo presidente da Xunta aos seus membros do Goberno co fin de utilizar a institución autonómica como instrumento político co que agasallar as institucións gobernadas polo PP, e tentar castigar á cidadanía doutros concellos, sinaladamente a que decidiu libremente elixir a representantes doutras forzas políticas para representalos e defender os seus intereses.

Este grupo non tivo contestación axeitada a esta cuestión, e acaba de ocorrer un acto que pon en evidencia o protocolo gaivota de Feijóo. O Goberno de Ares, a corporación aresán e a comunidade educativa do devandito municipio leva loitando para a ampliación do CPI de Ares durante máis dun ano. A totalidade da comunidade enviou ata 10 peticións de entrevistas, unilaterais ou conxuntas co concelleiro de Educación. A única resposta obtida é a que se recolle nun escrito do conselleiro de Educación ao alcalde de Ares no que di literalmente que non se celebrara a entrevista «non so por razóns de axenda persoal senón tamén pola posible colisión da celebración desta reunión coa prohibición establecida pola Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral nunhas datas próximas ás eleccións municipais xerais faise imposible esa reunión».

Resulta sorprendente que a devandita resposta asinada o 12 de abril de 2011 para o concello de Ares non sexa de aplicación o 2 de maio para o concello de Cabanas, no que o conselleiro visitou para «coñecer de primeira man os problemas do centro educativo de Cabanas», por certo gobernada polo PP. Resulta lamentable que o conselleiro non quixese coñecer os problemas do veciño concello de



 Grupo Parlamentario

Ares cunha petición unánime de ampliación do CPI, decisión no que seguramente algo terá que ver que este gobernado por un alcalde socialista.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Resulta evidente a discriminación e a falla de decoro e ética política do Goberno Feijóo. En virtude do exposto a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é a estraña razón de que a Lei electoral non rexa para o Goberno da Xunta no concello de Cabanas?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce

José Manuel Lage Tuñas

José Luis Méndez Romeu

Juan Carlos Francisco Rivera

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 04/05/2011 17:35:11

José Manuel Lage Tuñas na data 04/05/2011 17:35:40

Jose Luis Méndez Romeu na data 04/05/2011 17:35:47

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/05/2011 17:36:01



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As comunidades educativas cando pretenden axustar a xornada escolar en función das características e peculiaridades de cada centro educativo, ven ás veces como a posible decisión resulta condicionada polo transporte escolar do centro en cuestión.

O servizo complementario de transporte escolar e, concretamente, os seus horarios e características do servizo, impiden en ocasións que decisións e votacións maioritarias da comunidade educativa respecto da xornada escolar poidan ser levadas á práctica porque, sobre elas, prevalecen as decisións do servizo de transporte escolar.

Por outro lado, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten anunciado distintas negociacións co Transporte Escolar que non ten contemplado melloras cualitativas deste servizo. Non imos entrar nesta xustificación de motivos acerca das circunstancias destas negociacións, cuestión sobre a que xa no seu día formulamos a nosa postura, en todo caso si remarcar que anunciaban unicamente avances de tipo económico e, en ningún caso, doutro tipo.

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acometer no Servizo de Transporte Escolar as actuacións precisas que impida que os horarios dos centros que pretenden as comunidades educativas resulten condicionados por este servizo?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo

Concepción Burgo López

Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Francisco Cerviño González



Grupo Parlamentario
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:28:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:28:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:29:01

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:29:09

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten establecido diferentes programas educativos, nomeadamente o Proxecto ABALAR e o de Centros Plurilingües onde resulta destacable a discriminación dos centros públicos resultante do procedemento empregado na selección de centros educativos.

Nomeadamente nas grandes vilas galegas, pódese observar como as porcentaxes de centro privados seleccionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en modo algún se corresponden coa proporción de centros na actual rede de centros sostidos con fondos públicos. Cuestión que se agrava cando consideramos que a ensinanza concertada vese favorecida nomeadamente na Ensinanza Primaria, de tal forma que as nais e pais que pretenden matricular por primeira vez aos seus fillos e fillas nun centro público integrado en tales programas vense notablemente prexudicados e condicionados a cambiar cara á rede concertada.

Consideramos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que é preciso aplicar procedementos correctores que equilibren tal situación de tal forma que, cando menos, a rede pública en cada territorio (provincia, comarca, concello,...) resulte representada nos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na porcentaxe que lle corresponde nas distintas etapas educativas.



 Grupo Parlamentario

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pensa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer, na selección de centros correspondentes aos distintos programas da Consellería de Educación, procedementos que aseguren a non discriminación dos centros públicos, tanto a nivel territorial (comarcas, concellos,...) como de etapa educativa e, desta forma, conseguir que estean, cando menos, representados nas porcentaxes que lles corresponde nos distintos ámbitos territoriais e de etapa educativa?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:40:57

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:41:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:41:09

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:41:15



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación socioeconómica pola que está a atravesar o noso país entendemos que pode e debe ser interpretada en clave de oportunidade tamén dende o punto de vista educativo.

Os datos do incremento da matrícula, nomeadamente en Formación Profesional, teñen unha parte importante da súa explicación na dificultade que observan os nosos mozos e mozas en atopar un posto de traballo ao remate da escolaridade obrigatoria.

Ao mesmo tempo, tamén se está a detectar unha tendencia dunha parte da mocidade que abandonou recentemente nos estudos e que agora está en situación de desemprego de tratar de retomar os mesmos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que resulta de grande interese para a formación de capital humano no noso país favorecer o regreso aos estudos por parte da mocidade que no seu día abandonou os mesmos ao remate da escolaridade obrigatoria.

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acometer Plans Específicos de Becas para desempregados que decidan iniciar estudos regrados e para propiciar o retorno ao sistema educativo dos menores de 25 anos en situación de desemprego?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo


Concepción Burgo López

Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:48:12

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:48:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:48:24

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:48:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Conseguir que a nosa mocidade continúe cos seus estudos ao remate da ensinanza obrigatoria é, sen dúbida, un dos máximos retos que ten o noso sistema educativo. Un obxectivo ao que non podemos renunciar para así achegarnos ás cifras medias dos países do noso entorno e cumprir co compromiso asumido na Estratexia de Lisboa.

No camiño de acadar ese obxectivo, o incremento da matrícula en Formación Profesional constitúe un factor principal que é preciso contemplar dende a administración educativa con rigor e ambición.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que resulta preciso implementar un conxunto de medidas favorecedoras do desexado incremento de matrícula en Formación Profesional. Neste caso, queremos traer a esta Cámara unha iniciativa que contribúa a este fin abordando a problemática dos mozos e mozas que contén coa necesidade de desprazarse diariamente ao lugar de estudos ou mesmo que se vexan na obriga de residir no concello onde se sitúe o centro formativo.

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria formular algún tipo de Programa de Bolsas e Axudas para estudantes de Formación Profesional en función dos desprazamentos ao centro onde cursen os seus estudos?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011
Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González



Grupo Parlamentario
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

.....
Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 12:56:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 12:56:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 12:56:36

.....
Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 12:56:42



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación socioeconómica pola que está a atravesar o noso país entendemos que debe provocar por parte do actual Goberno da Xunta de Galicia unha resposta proactiva cara os sectores da sociedade máis desfavorecidas.

Dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria consideramos que se debe asegurar en todo momento que a nosa taxa de abandono escolar non se incremente por sectores da nosa mocidade que se atope coa imposibilidade real de continuar cos seus estudos por atoparse os seus proxenitores en situación de desemprego.

Xa que logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Consellería de Educación debe articular os mecanismos necesarios para que tal situación non se produza.


Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria crear un Programa Específico de Subvencións ou Bolsas que garantan que ningún mozo ou moza con proxenitores desempregados deba abandonar os seus estudos?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 05/05/2011 13:05:01

María Concepción Burgo López na data 05/05/2011 13:05:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2011 13:05:15

Francisco Xulio Cerviño González na data 05/05/2011 13:05:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727